# VIAXARTE 2018

## XV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE VIAXES

### RESUMO DAS BASES

A Concellaría de Participación e Innovación Democrática convoca a XV Edición do Concurso de Fotografía de Viaxes "Viaxarte"

## PERSOAS PARTICIPANTES

A. Mozas e mozos residentes en España e que teñan unha idade comprendida entre os 15 e os 30 anos, -ambos incluídos-, na data de finalización de admisión de orixinais.

B. As persoas gañadoras de edicións anteriores do Concurso Viaxarte non terán opción a premio en ningunha das categorías.

C. As persoas concursantes deben ser as únicas titulares dos dereitos de autoría das fotografías presentadas e feitas legalmente.

## FOTOGRAFÍAS

D. As obras presentaranse a título individual, e deben ser orixinais e inéditas e non premiadas noutros concursos.
E. Establécense dúas modalidades de participación:
A) Fotografía individual
B) Serie fotográfica

As persoas concursantes só poderán participar nunha das modalidades e poderán enviar, como máximo, 3 fotografías.

F. As fotografías terán un tamaño mínimo de 18 x 24 cm e máximo de 40 x 50 cm, e deberán presentarse en soporte de cartón pluma ou similar. Non se admitirán composicións con cristal, e poderán ser realizadas en branco e negro ou en cor, en calquera técnica.

G. Tamén se presentará, en soporte dixital:
A) Unha copia da fotografía en formato de arquivo dixital JPEG/JPG e de dimensións mínimas de 1024 x 768, cun peso máximo de 5 Mb.
B) Un arquivo de texto en formato OpenOffice/Word dun máximo de 10 liñas, cun breve resumo da viaxe que motivou a fotografía (lugar, datas aproximadas da viaxe e algún breve comentario sobre ela).

H. As fotografías identificaranse mediante un título que constará na parte traseira do cartón pluma, e tamén se indicará neste espazo a a categoría na que participan.

I. Xunto coa/s fotografía/s, presentaranse 2 sobres pechados:
A) Un sobre coa ficha de inscrición, a fotocopia do DNI ou pasaporte; e no caso de que a/o participante sexa menor de idade, a autorización do pai/nai/titor legal así como a copia do DNI da persoa que autoriza a participación. O modelo de dita autorización poderá atoparse na web www.coruna.gal/cmix
B) Outro sobre co CD/pendrive cos arquivos dixitais solicitados.

Na parte exterior de ambos sobres, só constará o título da fotografía ou serie de fotografías presentadas.

## TEMA

K. Todas as fotografías deberán estar relacionadas co tema das experiencias viaxeiras.

## PRAZO DE ADMISIÓN

L. O prazo de admisión de orixinais manterase aberto dende a publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia ao 3 de setembro de 2018 ás 13:30 horas.

## ENTREGA DE ORIXINAIS

M. As fotografías e documentación para participar neste concurso deberán presentarse, en calquera dos rexistros municipais (Pazo de María Pita nº 1, Fórum Metropolitano. Río Monelos Nº1, Centro Sociocultural Ágora. Lugar de Gramela, nº 17, etc) ou demais lugares previstos legalmente (art. 16. 4 da Lei 39/2015, de 1 de octubre, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
O horario dos rexistros municipais é de 8 a 13:30.

Se alguén presenta a solicitude nalgún dos lugares recollidos na normativa, diferente a un rexistro municipal deste Concello, deberá de enviar un correo electrónico a : cmix@coruna.es antes do 3 de setembro ás 13:30 h indicándoo. Neste caso o enderezo de envío das fotografías será o seguinte:
Concello da Coruña
Rexistro Xeral de María Pita
Praza de María Pita, 1, 15001 A Coruña

## XURADO

N. O xurado estará formado por 7 persoas integrantes, nomeadas pola Concelleira Delegada en materia de Xuventude. O nomeamento do xurado difundirase na web www.coruna.gal/cmix.
O xurado basearase nos seguintes criterios para elixir as fotografías gañadoras:

- Proposta expresiva
- Corrección técnica
- Capacidade evocadora da viaxe.

## PREMIO

Ñ. O concurso terá os seguintes premios:
- Premio á mellor fotografía
- Premio á mellor serie fotográfica

Os premios á mellor fotografía e á mellor serie fotográfica consistirán nunha viaxe para unha ou dúas persoas.

- Viaxe para unha persoa: dunha semana, que se escollerá entre un país europeo.
- Viaxe para dúas persoas: de 4 días, que se escollerá entre unha cidade europea.

Inclúen: voos, hotel 3/4 * con aloxamento e almorzo e seguro de asistencia de viaxe.

As persoas premiadas deberán iniciar a súa viaxe, antes do 31 de decembro de 2018, e os premios estarán suxeitos ás retencións fiscais que marque a lexislación vixente.

## CATÁLOGO

O. As fotografías gañadoras, xunto cunha selección das presentadas ao certame, serán editadas nun catálogo.

## EXPOSICIÓN

P. As fotografías presentadas ao concurso, que cumpran os requisitos expostos nas bases, serán expostas durante o mes de outubro no Fórum Metropolitano da Coruña. Ademais unha selección das fotografías serán editadas na web do CMIX, www.coruna.gal/cmix , nas súas redes sociais, así como noutros medios de difusión dixitais.

## OBRAS PREMIADAS

Q. As fotografías premiadas pasarán a ser propiedade do Concello da Coruña, con cesión dos dereitos de reprodución e exposición.

## DEVOLUCIÓN

R. As fotografías non premiadas poderán ser retiradas desde o final da exposición até o 30 de novembro de 2018.

S. A participación neste concurso implica a aceptación das bases, que se podense consultar na súa totalidade na web www.coruna.gal/cmix, e únicamente o Concello da Coruña queda facultado para dirimir calquera controversia derivada da interpretación destas.

Consulta as bases completas en

**WWW.CORUNA.GAL/CMIX**